

2023-2024

Que opinan os nenos, nenas e adolescentes?

RESULTADOS DA CUARTA EDICIÓN DO BARÓMETRO
DE OPINIÓN DE INFANCIA E ADOLESCENCIA



Edita:

UNICEF Comité Galicia
Rúa Galeras 13, 2º, oficina 5, 15705, Santiago de Compostela.

Autores:

Pilar Ramos Valverde
Sara Luna Rivas
Francisco José Rivera de los Santos
Carmen Moreno Rodríguez
Eva Leal López
Esther Ciria Barreiro
Dolores Majón Valpuesta
Concepción Moreno Maldonado
Ana María Villafuerte Díaz
Sheila Velo Ramírez
Vanessa Salado Navarro

Coordinación:

Sílvia Casanovas

Contribucións:

Lara Contreras, Adriana Negueruela
Dirección de Influencia, Programas e Alianzas
UNICEF España

Diseño:

Rex Media SL

Decembro 2024

Como citar este documento: Ramos, P., Luna, S., Rivera, F., Moreno, C., Leal-López, E., Ciria-Barreiro, E., Majón-Valpuesta, D., Moreno-Maldonado, C., Villafuerte-Díaz, A., Velo-Ramírez, S. y Salado, V. (2025). *Que opinan os nenos, nenas e adolescentes? Resultados da cuarta edición do Barómetro de Opinión de Infancia e Adolescencia, 2023-2024*. UNICEF España.

Agradecementos:

Agradécese a colaboración do grupo asesor de UNICEF España e de todos os e as participantes que colaboraron no estudo coa axuda dos seus centros educativos.

Introducción

O Barómetro de Opinión de Infancia e Adolescencia é unha investigación impulsada por UNICEF España e desenvolvida por un equipo de investigación da Universidade de Sevilla.

Co obxectivo de promover a participación social de nenos, nenas e adolescentes como axentes de cambio, o Barómetro subliña o recoñecemento dos seus dereitos, enmarcados na Convención sobre os Dereitos do Neno (CDN), a consideración do seu desenvolvemento evolutivo para escoitar as súas opinións e a promoción do coñecemento social e a implicación cívica.

Desde a primeira edición nos anos 2019-2020 e ao longo de catro edicións, este estudo tivo como obxectivo principal a creación e actualización dun instrumento que permita coñecer as opinións e preocupacións de nenos, nenas e adolescentes de España sobre asuntos sociais e políticos, o seu compromiso cívico e implicación cidadá, os seus estereotipos de xénero, así como os seus niveis de benestar emocional e felicidade.

A mostra final de participantes da cuarta edición do Barómetro de Opinión de Infancia a nivel estatal foi dun total de 15.070 nenos, nenas e adolescentes con idades comprendidas entre os 11 e os 18 anos.

En Galicia contamos con 644 participantes.

TÁBOA 1. Distribución de participantes segundo xénero, idade, capacidade adquisitiva familiar e lugar de procedencia

GALICIA		Frecuencia	Porcentaxe
Total		644	100,0
Xénero	Mozo	311	48,3
	Moza	298	46,3
Grupo de idade	11-12 anos	199	30,9
	13-14 anos	218	33,9
	15-16 anos	186	28,9
	17-18 anos	41	6,4
Capacidade adquisitiva familiar	Baixo	79	12,3
	Medio	384	59,6
	Alto	93	14,4
Naciches en España?	Si	609	94,6
	No	35	5,4

1

PREOCUPACIÓNS SOCIAIS

Para detectar estas preocupacións pedíuselles ós nenos, nenas e adolescentes indicar, mediante resposta espontánea, cal cren que é o problema que máis preocupa na actualidade á sociedade en España (gráfico 1). Doutra banda, no gráfico 2 móstranse os resultados nos que os propios nenos, nenas e adolescentes indican cal é a súa principal preocupación, tamén mediante resposta espontánea. Obsérvase aquí que as súas maiores preocupacións son a economía (20,5%), a contaminación e o medio ambiente (11%) e a guerra (5,8%).

E finalmente, na gráfica 3, móstrase a priorización por parte dos e das participantes en canto a unha listaxe de 30 preocupacións específicas. Neste caso, os abusos sexuais a nenos e nenas, seguido das guerras e os conflitos internacionais, e a fame e a pobreza no mundo figuran como as principais preocupacións dos mozos e mozas galegos.

GRÁFICO 1. Problemas que máis preocupan á sociedade (resposta espontánea)




GRÁFICO 2. Problemas que máis lles preocupan a eles e elas (resposta espontánea)





GRÁFICO 3. Grao de preocupación por cuestións específicas



2

A SÚA OPINIÓ SOBRE ASUNTOS SOCIAIS E POLÍTICOS

Outro dos asuntos abordados é a súa opinión sobre a situación política e económica no país (gráfico 4), así como a súa valoración a nivel local (gráfico 5). Para identificar o grao de confianza nas institucións e grupos sociais, os nenos, nenas e adolescentes clasificaron diferentes categorías, como pode verse no gráfico 7. **A sanidade pública é a institución que lles merece máis confianza, seguida da universidade, os corpos e forzas de seguridade do Estado e as ONG. Na cola da lista atópanse os partidos políticos, os representantes relixiosos, o goberno do Estado e os sindicatos.** Os mozos e mozas galegos sinalaron tamén a súa valoración en relación a un conxunto de profesións (gráfico 8).

Co fin de afondar nas causas polas que os nenos, nenas e adolescentes non confían nos políticos e políticas, aqueles que valoraron a ese grupo social con menos de 5 puntos respondían a unha pregunta para explorar os motivos desa desconfianza; os resultados pódense ver no gráfico 6.

GRÁFICO 4. En relación coa situación política-económica xeral de España, como a cualificarías?




GRÁFICO 5. En relación coa situación política-económica xeral da túa localidade, como a cualificarías?




GRÁFICO 6. Motivos de desconfianza nos políticos e políticas




GRÁFICO 7. Conianza nas institucións e grupos sociais





GRÁFICO 8. Valoración das profesións



3

O SEU COMPROMISO CÍVICO E IMPLICACIÓN CIDADÁ

O barómetro analiza a frecuencia coa que os nenos, nenas e adolescentes participaron en asuntos sociais e políticos mediante actividades como participar na organización e o funcionamento escolar ou formar parte de asociacións nos últimos 12 meses. As opcións de respostas foron: nunca; si, unha vez; e si, dúas veces ou máis. Existen diferentes patróns de resposta en función do tipo de actividade, tal e como mostra o gráfico 9.

Doutra banda, e tal como se observa no gráfico 10, os nenos, nenas e adolescentes indicaron as actividades nas que lles interesaría participar e involucrarse no futuro. **Destaca o desexo dos mozos e mozas de colaborar con algunha asociación de protección animal (33,2%), de participar en asuntos que teñen que ver coa saúde e a seguridade na súa comunidade (20,5%) e de traballar en grupo para resolver algún problema da comunidade na que viven (20,1%).** No lado oposto atópase a colaboración activa nun partido político, que só consideran como probable un 8,2%.

Indagouse sobre o xeito de como acceden á información sobre temas de actualidade e a frecuencia coa que realizan diferentes accións, coas opcións de resposta: nunca ou case nunca, mensualmente, semanalmente e todos ou case todos os días. Os resultados obtidos (gráfico 11) indican **as formas máis frecuentes a través das cales os e as adolescentes infórmanse da actualidade a diario, nas que destacan o uso da televisión como medio de información e seguir a influencers nas redes sociais para coñecer a súa opinión (30% e 26,8%, respectivamente).**

GRÁFICO 9. Participación actual en asuntos sociais e políticos






GRÁFICO 10. Expectativas futuras de participación en asuntos sociais e políticos**GRÁFICO 11. Manexo da información sobre temas de actualidade**

4

ESTEREOTIPOS DE XÉNERO

Co obxectivo de analizar os estereotipos de xénero sobre diversas profesións, preguntouse ós nenos, nenas e adolescentes quen debería exercer seis perfiles profesionais concretos: coidar a nenos e nenas, limpar casas, curar e coidar a persoas enfermas ou xestionar empresas (gráfico 12). **A maioría dos nenos, nenas e adolescentes elixe a opción máis igualitaria en todas as profesións avaliadas.**

Ademais, avaliáronse os estereotipos de xénero asociados a certas características de personalidade mediante a pregunta de quen debería ser de determinada forma ou comportarse dun determinado modo (gráfico 13). **Neste sentido, a maioría de mozos e mozas afirman que a maneira de ser dunha persoa non ten que ver co xénero. Con todo, atópanse claros estereotipos de xénero nalgúñas características de personalidade, como as de dominación e liderado, que son consideradas como masculinas por unha maior proporción de participantes.**

GRÁFICO 12. Estereotipos de xénero en relación coas profesións





GRÁFICO 13. Estereotipos de xénero en relación con diferentes características de personalidade



5

O SEU BENESTAR
EMOCIONAL E FELICIDADE

Para avaliar o benestar emocional dos nenos, nenas e adolescentes tivéronse en conta diferentes dimensións que conteñen aspectos relacionados co benestar físico (sentirse con enerxía e sentirse en forma), o benestar psicolóxico (atención/concentración, ausencia de sentimentos como soidade e tristeza, sentimentos de liberdade no tempo libre), as relacións coa familia e as amizades, así como a percepción da súa capacidade cognitiva, aprendizaxe e concentración na última semana. **No gráfico 13 obsérvanse os indicadores de benestar que se atopan máis presentes na vida dos nenos, nenas e adolescentes de Galicia e que están vinculados coas relacións sociais. En concreto, só o 12,5% di sentir soidade sempre ou case sempre na última semana, mentres que 8 de cada 10 senten que se divirten coas súas amizades.**

Co fin de coñecer que lles proporciona felicidade ós nenos, nenas e adolescentes, pedíuselles que valorasen nunha escala de 0 a 10 puntos canto de felices facían unha listaxe de 13 cuestións (gráfico 14). **O resultado amosa que os elementos máis importantes para a felicidade dos mozos e mozas son os relacionados co seu lecer e hobbies, as relacións coa súa familia, as relacións cos seus amigos e amigas, o seu tempo de descanso e sono e a práctica de deporte e exercicio físico.**

GRÁFICO 14. Análise dos diferentes compoñentes do benestar emocional




GRÁFICO 15. Influencia de diferentes elementos sobre a súa felicidade